



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PADERNE

Convocatoria selección persoal APROL rural 2025. Tres peóns/peoas forestais

Por Decreto N° 279/2025 de 02/06/2025 o Alcalde-presidente do Concello de Paderne resolveu convocar procedemento público para a contratación laboral temporal de tres peóns/peoas forestais, ao abeiro da Orde do 5 de marzo de 2025 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2025, por un período de nove meses, e aprobar as bases para a realización do correspondente concurso-oposición.

As bases están a disposición dos/as interesados/as no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello <https://sede.concellodepaderne.es/gl/>.

É requisito ser candidato/a remitido polo Servizo Público de Emprego de Galicia segundo a correspondente Oferta de Emprego presentada na Oficina de emprego de Betanzos

O prazo de presentación de instancias será de 5 días naturais, contados a partir do día seguinte á data de publicación do presente anuncio no BOP

Paderne, 4 de xuño de 2025

O alcalde-presidente

Sergio Platas Casal

2025/3688